

Fase de grupos:

1. Os equipos de cada grupo enfrontaranse todos contra todos os equipos do grupo a unha soa volta.
2. O equipo que gañou o maior número de encontros será declarado vencedor do encontro e obterá 1 punto na clasificación mentres o equipo perdedor do partido non sumará ningún punto na clasificación.
3. A clasificación final establecerase en función dos resultados obtidos por cada un dos equipos en todos os encontros do seu grupo ordenados en orde decrecente en función do número de puntos obtidos nos partidos.
4. No caso de empate a puntos entre dous ou máis equipos, aplicaranse, sempre por orde, os seguintes criterios:

Primeiro: Pola la maior cantidade de puntos para a clasificación obtida nos enfrontamentos particulares.

Segundo: Polo mellor resultado obtido o restar, o número de partidos gañados nos enfrontamento particulares, o número de partidos perdidos nos mesmos.

Terceiro: Polo mellor resultado obtido o restar, o número de sets gañados nos enfrontamentos particulares, o número de sets perdidos nos mesmos.

Cuarto: Polo mellor resultado obtido o restar, o número de xogos gañados nos enfrontamentos particulares, o número de xogos perdidos nos mesmos.

Quinto: Polo mellor resultado obtido o restar o número de partidos gañados en toda a competición, o número de partidos perdidos na mesma.

Sexto: Polo mellor resultado obtido o restar, o número de sets gañados en toda a competición, o número de sets perdidos nela.

Sétimo: Polo mellor resultado obtido de restar, do número de xogos gañados en toda a competición, o número de xogos perdidos na mesma.

6. Estes criterios aplicaranse sucesivamente mentres se manteña o empate. No momento no que un ou varios equipos xa non están empatado e quedando outros equipos empatados, comezarán a aplicarse de novo o criterio de desempate na orde establecida para desfacer o empate que aínda persistise.

7. Cando un dos equipos empatados fose sancionado por non comparecencia, retirada do equipo ou declarado en situación de presentación de un número insuficiente de deportistas será excluído do grupo de equipos empatados e situado no último lugar da clasificación entre os equipos empatados, sen que o resultado dos partidos nos que participara fose tido en conta para resolver o empate entre os restantes equipos do grupo, que se decidirá exclusivamente en función dos resultados producidos nos encontros entre eles.